

Polafía en Taboada, historias de cabezóns e loitadoras

A Sección de literatura de tradición oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega propón visitar Taboada para asistir a unha nova Polafía, a trixésimo quinta, un encontro aberto en forma revista oral para escoitar as historias de tradición oral da comarca de Chantada

Por **Redacción** - 12 Outubro, 2019



Casa do Romualdo / clubrural.com

O acto, que conta coa participación musical de Francisco Almuíña, terá lugar na **Casa do Romualdo, Vilar 6, Vilela, Taboada este sábado 12 de outubro, ás 17.00**, con entrada libre ate completar aforo, co título "*Historias de cabezóns e loitadoras*". Contarase coas intervencións de **Ana Rey Gay, Xosé Manuel Vázquez, Ana Vila Portomeñe, Francisco Almuíña, Anxo Moure** e veciñas e veciños da contorna.

Previo á Polafía, en horario de mañá, contarase co seguinte **programa**:

- 11:30 Acollida en Casa do Romualdo
- 12:00 Saída cara a Ralle para coñecer a cabeza do guerreiro de Ralle e os esgrafiados, guiados polo historiador e etnógrafo Xosé Manuel Vázquez.
- 14:00 Xantar en Casa do Romualdo Con reserva previa. Prazas limitadas. Ao facer a reserva comunique intolerancias alimentarias. Prezo por persoa: 16€. Reservas para o xantar: 982 455 010 / 650 226 646

As **Polafías** son un proxecto nacido en 2007 da man da **Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG** e que, con coordinación de Antonio Reigosa, ten como obxectivo recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular, por medio dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais (fiadas, polavilas, etc) aos tempos actuais, nos que os recursos técnicos permiten darlle un carácter estable e con garantía de futuro á creación espontánea dos asistentes.